


**MISA CON NENOS**  
**28 de maio de 2017**  
**PASCUA ASCENSIÓN-A**  
**Mt 28, 16-20: "Ide. Eu estou convosco".**  
**Mensaxe: ASCENSIÓN: Cristo VAISE ao ceo...**  
**Necesítate aquí como TESTEMUÑA!**



## 1. ACOGIDA

Irmáns e irmás, queridos nenos e nenas: Celebramos a festa da Ascensión de Xesús ao ceo.

Hoxe, aquel home que naceu Neno en Belén; aquel que curou a enfermos e acompañou os tristes; aquel que curou feridas e que subiu á cruz; aquel que, ao terceiro día resucitou ... HOXE SOBE AOS CEOS!

É esta unha festa de grande alegría. Xesús, ao entrar no ceo, deixa unha porta aberta pola que nós tamén entraremos un día a formar parte desa familia.

Xesús vaise ao ceo e agora é a nosa quenda. Nós temos que levar a cabo a misión de Xesús, continuando a tarefa, o traballo que Xesús comezou: Anunciar a Boa Noticia e ser testemuñas do amor de Deus. Desde o ceo acompáñanos para que non esquezamos ir polos camiños que El nos marcou. Sede benvidos. **(Colocamos en lugar visible: "Sede as miñas testemuñas. Eu estou convosco").**

**-No nome do Pai ... A graza, o amor e a paz de Xesús resucitado, sexa convosco.**

## 2. PERDÓN ou ASPERSIÓN

*Recoñezamos os nosos pecados:*

-Ti que te vas ao ceo e nos encomendas a misión de ser as túas testemuñas. **Señor, ten piedade!**

-Ti que estás sempre connosco e nunca nos deixas sos. **Cristo, ten piedade!**

-Ti que nos dás o teu Espírito que nos fortalece e nos anima a ser dos teus. **Señor, ten piedade!**

Polo bautismo unímonos á morte e resurrección de Xesús. Agora, coa aspersión da auga, recordaremos aquel momento e reafirmaremos a nosa vontade de seguilo. *(Aspersión e canto bautismal).*

Que o Deus da misericordia nos purifique do pecado e, pola celebración da eucaristía, nos faga dignos de participar do banquete do seu Reino. Amén.

## 3. LECTURAS

As lecturas de hoxe seguen tendo sabor a Espírito Santo. Dentro de poucos días celebraremos a gran Pascua de Pentecoste. No libro dos Feitos nárrenos como os apóstolos foron testemuñas da súa partida deste mundo, logo de asegurarlles que recibirían a forza do Espírito para continuar a súa misión. San Paulo recórdanos a riqueza á que estamos chamados do mesmo xeito que Xesús a quen o Pai sentou á súa dereita no ceo. No evanxeo, Xesús envíanos a ser as súas testemuñas pero teñamos a seguridade de que el vai connosco.



## 4. ORACIÓN DE LA COMUNIDAD

*Unidos a Xesús, pidamos ao Pai que envíe o seu Espírito e nos renove, dicindo:*

**-Fainos as túas testemuñas, Señor.**

- 1.- Pola Igrexa para que viva chea do gozo do Espírito e saiba transmitilo ao mundo. **Oremos.**
2. Polos que cada domingo participamos na Eucaristía, para que vivamos con ilusión e radicalidade a tarefa de ser testemuñas de Xesús no medio dos nosos familiares e amigos. **Oremos.**
3. Polos que perderon a fe, a confianza en Xesús, para que sintan a súa proximidade e o seu amor. **Oremos.**
4. Polos que viven preocupados dos negocios e afáns cotiáns, para que non se esquezan das cousas de Deus. **Oremos.**
5. Por todos nós para que esteamos dispostos a continuar a misión de construír o reino de Deus. **Oremos.**

6. Para que transmitamos aos outros a ledicia que supón crer en Xesús. **Oremos.**

7. Por todos os nenos e nenas que estes domingos reciben a primeira comunión ou a confirmación, para que continúen participando cada domingo na Eucaristía cos seus pais. **Oremos.**

*Escoita, Pai, a nosa oración, e envía o Espírito Santo que prometiches, para que encha coa súa graza os nosos corazóns e renove a humanidade enteira. Por Xesucristo, noso Señor.*

## 5. OFRENDAS *(eliximos)*

- **UNHA BIBLIA:** Ofrecémosche, Señor, esta Biblia, onde se atopa a túa mensaxe de salvación, con ela ofrecémosche, ao final do curso, o traballo dos nosos sacerdotes, catequistas e profesores de relixión que se esforzan en ser apoio para nós e testemuñas da verdade.
- **UNHA MEDALLA DE COMPETICIÓN:** Os grandes deportistas, cando gañan, soben ao podio, ao estrado do triunfo. Xesús non soamente saíu triunfador sobre a morte, ademais, hoxe é colocado xunto a Deus polo ben que fixo todo e, sobre todo, por cumprir o plan de Deus. Que El nos axude agora a nós.
- **LADRILLO, AREA E PALETA:** Con este ladrillo, area e paleta, queremos dicirle ao Señor que agora nos toca a nós. Que nos axude a seguir construíndo o seu Reino. A traballar pola súa Igrexa. Que contamos con El para que, o Evanxeo, sexa levado e coñecido en moitos lugares do noso planeta.
- **O PAN E O VIÑO:** Sen a Eucaristía, a nosa vida cristiá, sería moi frouxa. Que Xesús, desde o ceo, veña todos os días, todos os domingos ata este altar e, así, sexa o alimento que dea vigor ás nosas almas para que un día poidamos gozar con El no ceo.

## 6. VÍDEOS OU PPW PARA ESTE DOMINGO: Domingo 7º de Pascua - Ascensión

-Ascensión, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=wfm23vcrya0>

-Ascensión de Cristo, película: <https://www.youtube.com/watch?v=LipPp8Jlp80>

-Ascensión, película: <http://www.youtube.com/watch?v=3MkUP0PqJmE>

-Ascensión, película: <https://www.youtube.com/watch?v=Dcn6m9UHC74>

-Ascensión, Canto de esperanza: <http://www.youtube.com/watch?v=hloo2-0gBYE> .

-Ascensión, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=qZCz5eNeT4M> .

-Ascensión, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=KFHRSBSieRg#t=13>

-Ascensión, lecturas e reflexión: [http://www.youtube.com/watch?v=EO4dWI\\_obwg](http://www.youtube.com/watch?v=EO4dWI_obwg)

-A Ascensión do Señor, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=4T1-nsG5M>

-Ascensión, monicreques: <http://www.youtube.com/watch?v=mKy0iAI5ITU#t=98>

-Ascensión, explicación: <https://www.youtube.com/watch?v=UfHJv9dGS0s&list=UUQL-txRIGWd2bOyA9B5KNdg&index=122>

-Ascensión, canto: <http://www.youtube.com/watch?v=9Bk4jtz-N9M>



### Xesús non ten mans

Xesús agora non ten **mans**, por iso necesita as nosas mans para facer o ben a todos.

Xesús agora non ten **pés**, por iso necesita os nosos pés para camiñar á beira dos homes e sinalarlles o camiño que leva a Deus.

Xesús agora non ten **beizos**, por iso necesita os nosos beizos para bicar a todos e amosar a todos o grande amor de Deus.

Xesús agora non ten **mans**, por iso necesita que lle botemos unha man para perdoar a todos, para que creza o seu Reino e sexamos coma el o sal e a luz do mundo.

***Agora tócanos a nós ser Xesús na terra.***